

# MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**9894** *ORDE SCO/1730/2006, do 24 de maio, pola que se modifican os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 133, do 5-6-2006.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000 e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO 2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005 e SCO/747/2006 modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e polo Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi

obxecto de sucesivas modificacións, a última delas mediante a Directiva 2005/80/CE da Comisión, do 21 de novembro de 2005.

Mediante esta disposición trasponse esta directiva ao ordenamento xurídico interno, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación dos anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, queda modificado como segue:

Un.–O anexo II modifícase nos seguintes termos:

- Suprímense os números de referencia 615 e 616.
- O número de referencia 687 queda redactado do seguinte modo:

«687 dinitrotolueno, calidade técnica (N.º CAS 121-14-2)».

c) Engádense os números de referencia 1137 a 1211 seguintes:

N.º de referencia	Nome químico	Número CAS n.º CE
1137	Nitrito de isobutilo.	542-56-3
1138	Isopreno (estabilizado). (2-metil-1,3-butadieno).	78-79-5
1139	1-bromopropano. n-bromuro de propilo.	106-94-5
1140	Cloropreno (estabilizado). (2-clorobuta-1,3-dieno).	126-99-8
1141	1,2,3-tricloropropano.	96-18-4
1142	Éter dimetílico de etilenglicol (EGDME).	110-71-4
1143	Dinocap (ISO).	39300-45-3
1144	Diaminotolueno, produtos técnico –mestura de [4-metil-m-fenileno diamina] (1) e [2-metil-m-fenileno diamina] (2) metilfenilendiamina.	25376-45-8
1145	Tricloruro de p-clorobencilo.	5216-25-1
1146	Éter difenílico; derivado octabromado.	32536-52-0
1147	1,2-bis(2-metoxietoxi)etano. Éter dimetílico de trietilenglicol (TEGDME).	112-49-2
1148	Tetrahidrotiopiran-3-carboxaldehído.	61571-06-0
1149	4,4'-bis(dimetilamino)benzofenona. (Cetona de Michler).	90-94-8
1150	4-metilbencenosulfonato de (S)-oxiranometanol.	70987-78-9
1151	Ácido 1,2-bencenodicarboxílico, dipentiléster, ramificado e lineal [1]. Ftalato de n-pentil-isopentilo [2]. Ftalato de di-n-pentilo [3]. Ftalato de diisopentilo [4].	84777-06-0 [1] -[2] 131-18-0 [3] 605-50-5 [4]
1152	Ftalato de butilbencilo (BBP).	85-68-7
1153	Ácido 1,2-bencenodicarboxílico, di-C 7-11 alquilésteres, ramificados e lineais.	68515-42-4
1154	Mestura de: disodio 4-(3-etoxicarbonil-4-(5-(3-etoxicarbonil-5-hidroxi-1-(4-sulfonato-fenil)pirazol-4-il)penta-2,4-dienilideno)-4,5-dihidro-5-oxopirazol-1-il) bencenosulfonato e trisodio 4-(3-etoxicarbonil-4-(5-(3-etoxicarbonil-5-oxido-1-(4-sulfonato-fenil)pirazol-4-il) penta-2,4-dienilideno)-4,5-dihidro-5-oxopirazol-1-il) bencenosulfonato.	n.º CE 402-660-9
1155	(Metilenobis(4,1-fenilenazo(1-(3-(dimetilamino)propil)-1,2-dihidro-6-hidroxi-4-metil-2-oxopiridina-5,3-diil)))-1,1'-dipiridinio dicloruro dihidrocloruro.	n.º CE 401-500-5
1156	2-[2-hidroxi-3-(2-clorofenil)carbamoil-1-naftilazo]-7. [2-hidroxi-3-(3-metilfenil)-carbamoil-1-naftilazo]fluoren. 9-ona.	n.º CE 420-580-2
1157	Azafenidina.	68049-83-2
1158	2,4,5-trimetilanilina [1]. Clorhidrato de 2,4,5-trimetilanilina [2].	137-17-7 [1] 21436-97-5 [2]
1159	4,4'-tiodianilina e os seus sales.	139-65-1
1160	4,4'-oxidianilina (p-aminofenil éter) e os seus sales.	101-80-4
1161	N,N,N',N'-tetrametil-4,4'-metilendianilina.	101-61-1

N.º de referencia	Nome químico	Número CAS n.º CE
1162	6-metoxi-m-toluidina. (p-cresidina).	120-71-8
1163	3-etil-2-metil-2-(3-metilbutil)-1,3-oxazolidina.	143860-04-2
1164	Mestura de: 1,3,5-tris(3-aminometilfenil)-1,3,5-(1H,3H,5H)-triacina-2,4,6-triona e mestura de oligómeros de 3,5-bis(3-aminometilfenil)-1-poli[3,5-bis(3-aminometilfenil)-2,4,6-trioxo-1,3,5-(1H,3H,5H)-triacin-1-il]-1,3,5-(1H,3H,5H)-triacina-2,4,6-triona.	n.º CE 421-550-1
1165	2-nitrotolueno.	88-72-2
1166	Fosfato tributílico.	126-73-8
1167	Naftaleno.	91-20-3
1168	Nonilfenol [1]. 4-nonilfenol, ramificado [2].	25154-52-3 [1] 84852-15-3 [2]
1169	1,1,2-tricloroetano.	79-00-5
1170	Pentacloroetano.	76-01-7
1171	Cloruro de vinilideno. (1,1-dicloroetileno).	75-35-4
1172	Cloruro de alilo; (3-cloropropeno).	107-05-1
1173	1,4-diclorobenceno. (p-diclorobenceno).	106-46-7
1174	Bis(2-cloroetil) éter.	111-44-4
1175	Fenol.	108-95-2
1176	Bisfenol A. (4,4'-isopropilidendifenol).	80-05-7
1177	Trioximetileno. (1,3,5-trioxan).	110-88-3
1178	Proparxita (ISO).	2312-35-8
1179	1-cloro-4-nitrobenceno.	100-00-5
1180	Molinato (ISO).	2212-67-1
1181	Fenpropimorf.	67564-91-4
1182	Epoxiconazol.	133855-98-8
1183	Isocianato de metilo.	624-83-9
1184	N,N-dimetilanilinio tetrakis (pentafluorofenil) borato.	118612-00-3
1185	O,O'-(etenilmetilsilileno) di[(4-metilpentan-2-ona)oxima].	n.º CE 421-870-1
1186	Mestura 2:1 de: 4-(7-hidroxi-2,4,4-trimetil-2-cromanil) resorcinol-4-il-tris(6-diazo-5,6-dihidro-5-oxonaftalen-1-sulfonato) e 4-(7-hidroxi-2,4,4-trimetil-2-cromanil) resorcinolbis(6-diazo-5,6-dihidro-5-oxonaftalen-1-sulfonato).	140698-96-0
1187	Mestura de: produto de reacción de 4,4'-metilenbis[2-(4 hidroxibencil)-3,6-dimetilfenol] e 6-diazo-5,6-dihidro-5-oxo-naftalensulfonato (1:2) e produto de reacción de 4,4'-metilenbis[2-(4-hidroxibencil)-3,6-dimetilfenol] e 6-diazo-5,6-dihidro-5-oxonaftalensulfonato (1:3).	n.º CE 417-980-4
1188	Verde de malaquita clorhidrato [1]. Verde de malaquita oxalato [2].	569-64-2 [1] 18015-76-4 [2]
1189	1-(4-clorofenil)-4,4-dimetil-3-(1,2,4-triazol-1-ilmetil)pentan-3-ol.	107534-96-3
1190	5-(3-butiril-2,4,6-trimetilfenil)-2-[1-(etoxiimino)propil]. 3-hidroxiciclohex-2-en-1-ona.	138164-12-2
1191	Trans-4-fenil-l-prolina.	96314-26-0
1192	Heptanoato de bromoxinilo (ISO).	56634-95-8
1193	Mestura de: 5-[(4-[(7-amino-1-hidroxi-3-sulfo-2-naftil)azo]-2,5-dietoxifenil)azo]-2-[(3-fosfonofenil)azo] do ácido benzoico e 5-[(4-[(7-amino-1-hidroxi-3-sulfo-2-naftil)azo]-2,5-dietoxifenil)azo]-3-[(3-fosfonofenil)azo] do ácido benzoico.	163879-69-4
1194	2-{4-(2-amoniopropilamino)-6-[4-hidroxi-3-(5-metil-2-metoxi-4-sulfamoilfenilazo)-2-sulfonatoft-7-ilamino]. 1,3,5-triacin-2-ilamino}-2-aminopropil formato.	n.º CE 424-260-3
1195	5-nitro-o-toluidina [1]. Clorhidrato de 5-nitro-o-toluidina [2].	99-55-8 [1] 51085-52-0 [2]
1196	1-(1-naftilmetil)quinolinio cloruro.	65322-65-8
1197	(R)-5-bromo-3-(1-metil-2-pirrolidinil metil)-1H-indol.	143322-57-0
1198	Pimetrocina (ISO).	123312-89-0
1199	Oxadiarxilo (ISO).	39807-15-3
1200	Clortolurón. 3-(3-Cloro-p-tolil)-1,1-dimetilurea.	15545-48-9
1201	N-[2-(3-acetil-5-nitrotiofen-2-ilazo)-5-dietilaminofenil]. Acetamida.	n.º CE 416-860-9
1202	1,3-bis(vinilsulfonilacetamido)-propano.	93629-90-4
1203	p-fenetidina (4-etoxianilina).	156-43-4
1204	m-fenilendiamina e os seus sales.	108-45-2

N.º de referencia	Nome químico	Número CAS n.º CE
1205	Residuos (alcatrán de hulla), destilación do aceite de creosota, se conteñen máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	92061-93-3
1206	Aceite de creosota, fracción de acenafteno, aceite de lavado, se contén máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	90640-84-9
1207	Aceite de creosota, se contén máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	61789-28-4
1208	Creosota, se contén máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	8001-58-9
1209	Aceite de creosota, destilado de elevado punto de ebulición, aceite de lavado, se contén máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	70321-79-8
1210	Residuos do extracto (hulla), ácido de aceite de creosota, residuo de extracto de aceite de lavado, se conteñen máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	122384-77-4
1211	Aceite de creosota, destilado de baixo punto de ebulición, aceite de lavado, se contén máis de 0,005 % p/p de benzo[a]pireno.	70321-80-1

1. Véxase o número de referencia 364 do anexo II.
2. Véxase o número de referencia 411 do anexo II.

Dous.—A primeira parte do anexo III modifícase como segue:

- a) Suprímese o número de referencia 19.
- b) No número de referencia 1a, na columna b, as palabras «Ácido bórico, boratos e tetraboratos» substitúense por: «Ácido bórico, boratos e tetraboratos, excepto a substancia número 1184 do anexo II».
- c) No número de referencia 8, na columna b, as palabras «m-e p-fenilendiamina, os seus derivados N-substituídos e os seus sales; derivados N-substituídos de o-fenilendiamina (1), coa excepción dos derivados enumerados en calquera outra parte do presente anexo» substitúense por: «p-fenilendiamina, os seus derivados N-substituídos e os seus sales; derivados N-substituídos da o-fenilendiamina (1), excluídos os xa mencionados neste anexo».

Artigo segundo. *Prazo de comercialización.*

A partir do 22 de agosto de 2006 non poderán ser comercializados produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro.

Artigo terceiro. *Prazo de venda ou cesión.*

A partir do 22 de novembro de 2006 non poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/80/CE da Comisión, 21 do novembro de 2005, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de maio de 2006.

SALGADO MÉNDEZ

## XEFATURA DO ESTADO

**9957**

*LEI ORGÁNICA 5/2006, do 5 de xuño, complementaria da Lei para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. («BOE» 134, do 6-6-2006, e «BOE» 141, do 14-6-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 18/2006, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais, establece no artigo 3 que os xuíces de instrución do lugar onde se encontren os bens ou os elementos de proba a que se refira a resolución xudicial estranxeira serán competentes para o seu cumprimento. Por este motivo, cómpre modificar a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que enumera as competencias dos órganos xurisdiccionais.

Así, débese engadir no número 1 do artigo 87 da citada lei a atribución aos xulgados de instrución da competencia para o cumprimento das solicitudes de adopción de medidas de embargo e aseguramento de probas recibidas das autoridades xudiciais doutro Estado membro da Unión Europea.

**Artigo único.** *Modificación do número 1 do artigo 87 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Engádese unha alínea g) ao número 1 do artigo 87 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«g) Da execución das medidas de embargo e aseguramento de probas transmitidas por un órgano xudicial dun Estado membro da Unión Europea que as acordase nun proceso penal, cando os bens ou os elementos de proba se encontren en territorio español».